

PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 3 AUXILIARES DE TURISMO

PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA PLAN CONCELLOS 2019

PREGUNTAS TEST

1.- Entre as obrigacións das empresarias e empresarios turísticos, tal e como se indica na *Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia*:

- a) Está dar resposta ás reclamacións e queixas interpostas polas usuarias e usuarios turísticos no prazo máximo dun mes dende a súa recepción.
- b) Está dar resposta ás reclamacións e queixas interpostas polas usuarias e usuarios turísticos no prazo máximo de 2 meses dende a súa recepción.
- c) non existe obrigación de dar resposta ás queixas de usuarias e usuarios turísticos xa que é competencia do ente Local correspondente no que se ubica a empresa en cuestión.
- d) Non existe prazo máximo para dar resposta ás queixas interpostas polas usuarias e usuarios turísticos.

2.- Esta Fraga posúe un sendeiro circular sinalizado e tamén é coñecido como “Fraga, Souto ou Carballeira de Quiroga”:

- a) Fraga de Doade
- b) Fraga de Catasós
- c) Carballeira de Barcia
- d) Souto García Sánchez

3.- Lugares polos que pasa o Camiño de Santiago Vía da Prata ao seu paso por Lalín:

- a) A Xesta, Carrás e Medelo
- b) Puxallos, San Xoán de Botos e Donsión
- c) a) e b) son correctas
- d) O Castro, alto de Santo Domingo e Mámoa de Xandín

4.- O edificio do pazo de Anzuxao, ¿a qué século pertence?:

- a) S. XV
- b) S. XVIII
- c) S. XVI
- d) S. XVII

5.- Casa dos Taboada, declarado BIC no ano 2009 e que acolle o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico, estémonos a referir a :

- a) Museo Municipal Ramón María Aller
- b) Pazo de Liñares
- c) Pazo de Bendoiro
- d) Pazo de Viñoa

6.- Esta Ponte é a única que queda das 6 que se construíron na Idade Media que unían Deza con Antas de Ulla:

- a) Ponte Taboada
- b) Ponte dos Cabalos
- c) Ponte das Tenzas
- d) Ponte dos Medos

7.- A igrexa de San Miguel, unha xoia do S. XII atópase:

- a) En Goiás
- b) Na parroquia de Doade
- c) En Lalín de Arriba
- d) En Zobra

8.- O cruceiro de Lalín de Arriba... :

- a) é do ano 1675
- b) é do ano 1765, como o de Moneixas, construídos polo mesmo canteiro.
- c) Actualmente está derribado
- d) Ningunha das anteriores é correcta

9.- O Camiño de Inverno:

- a) Ascende polo Coto da Anta, límite do Concello de Lalín
- b) Cruza Palmaz e Puxallos.
- c) Pasa pola Rúa de A Calzada
- d) Todas son correctas

10.- Qué é o Catálogo SISTHO:

- a) É o Sistema de Integración Turística para a homologación de accesos nos establecementos turísticos
- b) É o Catálogo do Sistema de Sinalización Turística Homologada en estradas estatais
- c) É o Sistema Integral Turístico de Homologación para a consecución da Calidade en destinos
- d) Ningunha das anteriores é correcta

11.-SUPOSTO PRÁCTICO

Encóntraste traballando como Auxiliar de Información Turística do Concello. Un peregrino que se dirixe a Santiago acude á Oficina Municipal de Turismo solicitando información sobre o Camiño que lle queda por realizar. Indica a información que lle proporcionarías e a conversa que cres que manteríades para atendelo da mellor forma posible.

FOLLA DE RESPUESTAS

Nome e Apelidos: DNI: Teléfono de contacto:	Nº preguntas contestadas correctamente: _____
	Puntuación: _____

Marque cunha X a resposta correcta

1	a	b	c	d
2	a	b	c	d
3	a	b	c	d
4	a	b	c	d
5	a	b	c	d
6	a	b	c	d
7	a	b	c	d
8	a	b	c	d
9	a	b	c	d
10	a	b	c	d

Sinatura:

Posto: Auxiliar Turismo